



CONCELLO DE MIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 21 DE ABRIL DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño (A Coruña) ás 11:00 horas do día 21 de abril de 2012, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde Don Juan A. Maceiras Barros, reúnese, en primeira convocatoria, o pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as.-

- DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP).-DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP).-DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZÁLEZ (PP).-DONA PAULA ROCA BUYO (PP).-DON FRANCISCO REY MALLO (PP).- DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSOE).-DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSOE).- DON RICARDO ALEJANDRO MATIAS SÁNCHEZ OROZA (PSOE).-DONA MARIA CATALINA MORADO FARINA (PSOE).-DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSOE).-DONA MARINA VARELA LAGE (PSOE)

Concilleiros/as ausentes.-

- DON JOSÉ IGNACIO VILA PORTA (PP)

Sra. secretaria municipal.-

- DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

Sr. interventor municipal acta.-

- DON IAGO FERNANDEZ IGLESIAS

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1º.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DENDE O 16/12/2011 ATA O 29/02/2012.

Dase conta das resolucións de alcaldía dende o 16/12/2001 ata o 29/02/2012, quedando o pleno municipal informado. A continuación a secretaria municipal expón que por un erro non se dera conta dunha resolución de data 9 de novembro de 2011 (nº 1553/11B), relativa á liquidación da taxa pola prestación do servizo de comedor escolar municipal correspondente ao mes de outubro de 2011, e que a mesma se vai incorporar no libro de resolucións correspondente co número sinalado, e que incorporouse nas resolucións unha duplicada, relativa á taxa pola prestación do comedor escolar, que contén un erro no nome da persoa que se da de alta no servizo, polo que procede a exclusión de dita resolución duplicada.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo comenta que hai unha serie de resolucións nas que a interventora municipal fiscaliza desfavorablemente a aprobación de distintas facturas, sendo este tema repetitivo, xa que parece ser que non se fan os expedientes preceptivos, e gustaríalle que lles explicaran por que se produce isto. Polo PP a Sra. Eva Vilarinho explica que as que se fiscalizan desfavorablemente son unha serie de facturas que non teñen contrato a día de hoxe. Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta por que non se fai o contrato. Polo PP a Sra. Eva Vilarinho contesta que se está niso.

O Sr. alcalde explica que cando hai un servizo, aínda que remate o contrato, hai que seguir prestándoo.
 Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que se pode prever a data de finalización do contrato e así se pode iniciar o expediente antes de dita data.
 O Sr. alcalde remata dicindo que se sacará o contrato cando os servizos administrativos poidan.

2º.- DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 28 DE FEBREIRO DE 2012 DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2011.

Dáse conta do decreto de alcaldía de data 28 de febreiro de 2012 de aprobación da liquidación do orzamento xeral do exercicio 2011, no que se establece:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2011

FEITOS
 1 Provisencia de Alcaldía de incoación do expediente do 28/02/2011.
 2 Estado de liquidación do orzamento do 2011
 3 Informe de intervención da liquidación do orzamento do 28/02/2011.
 4 Informe de intervención sobre a estabilidade orzamentaria do 28/02/2011.

1 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (BOE núm. 59, do 9 de marzo ; Rect. BOE núm. 63, do 13 de marzo).

2 Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvola o capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos (BOE núm. 101, do 27 de abril; rect. BOE núm. 136, do 7 de xuño)

3 Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se regula o Texto refundido da lei xeral de estabilidade presupostaria (BOE núm. 313, do 31/12/2007).

4 Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais (BOE núm. 264, do 03/11/2007).

5 Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, polo que se aproba a nova estrutura dos presupostos das entidades locais.

6 Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público (BOE núm. 315, do 31 de decembro de 2011)

7 Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible (BOE núm. 55, do 5 de marzo de 2011)

De acordo co exposto RESOLVO
 1 Aprobar a liquidación do Presupuesto Xeneral de 2011, cuxo Resultado orzamentario é o seguinte:

4.859.436,54	Dereitos Recoñecidos Netos. Capítulos I a V (+)
4.609.227,55	Obrigas Recoñecidas Netas Capítulos I a V (-)
250.208,99	Operacións Correntes
593.374,11	Dereitos Recoñecidos Netos. Capítulos VI e VII (+)
807.613,87	Obrigas Recoñecidas Netas Capítulos VI e VII (-)
-214.239,76	Operacións de Capital
35.969,23	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS
0,00	Dereitos Recoñecidos Netos. Capítulos VIII (+)
0,00	Obrigas Recoñecidas Netas Capítulos VIII (-)
0,00	Variación de Activos Financeiros
0,00	Dereitos Recoñecidos Netos. Capítulos IX (+)
266.641,06	Obrigas Recoñecidas Netas Capítulos IX (-)
-266.641,06	Variación de Pasivos Financeiros
-266.641,06	TOTAL OPERACIÓNS FINANZEIRAS

O interventor accidental explica que esas tres opcións consisten en modificar o orzamento agora, recorrer a unha operación de crédito, que non é factible, o aprobar o orzamento do ano 2013 con superavit.

fixemos o ano pasado, que non se pode estar aprazando sempre os problemas, que Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que é volver ao mesmo que

tres van elixir unha.

modificación orzamentaria e que legalmente hai tres posibilidades, e que dentro desas Polo PP a Sra. Eva Vilarinho di que a día de hoxe non existe obriga de facer unha equilibrar o remanente negativo de tesourería, e pregunta que se vai facer.

interventora o que procede é a aprobar unha modificación do orzamento para e afrontar as cousas como están. Finaliza a exposición sinalando a vista do informe da recadar polo tema do ICIO quedaron en cincuenta e tantos mil, debemos ser realistas se inflaron se ve no feito de que os setecentos e pico mil euros que estaba previsto fíxose un orzamento no que xa advertín de que se estaban a inflar os ingresos, e que concreto, xa que o que non se pode facer é enganarnos a nós mesmos. O ano pasado sendo as circunstancias as que son está claro que haberá que adoptar un plan máis situación económica non é a ideal, que ningún quixera vivir neste momento, pero que diga o grupo de goberno que o ten, xa que el non o viu, e non xorde efecto. A resultado orzamentario, considera que non existe ningún plan de actuacións por moito Tesourería empeorou con respecto ao ano pasado, así como o aforro neto e o interventora e que é máis do mesmo de todos os anos, que o remanente de Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que estivo a consultar o informe da continuación:

Facenda, que se celebrou o día 18 de abril de 2012, cuxas intervencións se recollen a Visto que do presente punto deuse conta a Comisión Informativa de Contas e Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma. "

4 Ordear a remisión de copia da dita liquidación aos órganos competentes, tanto da 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, e con canto establecen os artigos 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de 3 Dar conta ao Pleno da corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-814.351,03
(-) EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA	39.623,27
(-) DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN	45.256,57
REMANENTE DE TESOURERÍA	-729.471,19
(-) Pagos Pendentes de Aplicación	265,46
Acredores non Presupostarios	386.493,46
De Presupuesto de Gastos Cerrados	1.023,77
De Presupuesto de Gastos Corrente	699.388,71
Obrigas Pendentes de Pago	1.086.640,48
(-) Ingresos Pendentes de Aplicación	113.178,96
Debedores non presupostarios	16.727,74
De Presupuesto de Ingresos Cerrados	62.934,70
De Presupuesto de Ingresos Corrente	53.310,10
Dereitos pendentes de cobro	19.793,58
Fondos Líquidos de Tesourería	337.375,71
segundo o seguinte detalle:	
2 Aprobar, así mesmo, o Remanente de Tesourería a 31 de decembro de 2011,	-203.916,88
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	26.754,95
Axustes ao Resultado Presupostario	0,00
Tesourería Gastos Xerais (+)	
Gastos Financiados con Remanente de	
Desviacións Negativas de Financiación (+)	262.053,62
Desviacións Positivas de Financiación (-)	235.298,67
RESULTADO PRESUPOSTARIO	-230.671,83

hai que adoptar solucións e cre que se debería facer agora unha modificación do orzamento para equilibrar o remanente negativo de tesourería.

Polo PP a Sra. Eva Vilariño expón que tal e como está evolucionando a crise moita xente está desistindo das licenzas e solicitando a devolución tanto do ICIO como das taxas urbanísticas, e á parte desas devolucións, que supoñen unha cantidade importante de recursos, hai que ter en conta que o equipo de goberno contaba cuns ingresos provenientes de desenvolvemento urbanísticos en tramitación que non culminaron porque a empresa entrou en suspensión de pagos, polo que non cabe falar de que o orzamento tivese unhas previsións de ingresos non axustadas a realidade.

Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo expón que cando se fan previsións é lóxico que non se cumpran na súa totalidade e que haxa erros de estimación, pero considera excesivo pasar da cantidade de setecentos e pico mil euros a cincuenta e pico mil, por moito que se devolvan ingresos.

Polo PP a Sra. Eva Vilariño contesta que nesa partida se recolla a previsión de dous desenvolvementos urbanísticos moi importantes que non chegaron a facerse porque a empresa entrou en concurso e con ese imprevisto non se contaba.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que cando se aprobou o orzamento do ano pasado advertiu que era xa abril e que era moi difícil que iso se levase a cabo, argumentando o grupo de goberno que se fa facer o desenvolvemento de Berramo e o de Toro, porque xa se solucionarían os problemas co patrimonio, e estimáronse unhas cousas que logo non se produciron.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga responde que os proxectos estaban presentados pero que ao final non se levaron a cabo, e que son imprevistos cos que non se contan.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que sabe que é unha situación difícil, pero que leva varios anos dicindo que hai que facer un estudo rigoroso e serio de como está a cousa. Hai que tomar medidas para que as cousas, aínda que non valian moito mellor, non valían para moito peor. E que o seu grupo está disposto a discutir ese plan e facer achegas.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga di que o grupo da oposición tamén pode facer propostas. Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que el xa ten feito dúas ou tres propostas: non facer gastos inútiles, prescindir dos dous asesores..., que vai pasar, que cando se teñan que tomar as medidas van ser iguais que as que se están a tomar na administración xeral do estado.

Finalizada a rolda de intervencións os membros integrantes da Comisión Informativa de Contas e Facenda quedan informados do preitado decreto de alcaldía relativo á liquidación do orzamento xeral do exercicio 2011.

A continuación na sesión plenaria ábrese a rolda de intervencións

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo di que cando se tratou este tema na comisión informativa comentouse que o concello está en peor situación que o ano pasado, xa que pasamos de ter dun remanente líquido negativo de 793.000 euros a 814.000 euros negativos, e dicir, 21.000 euros negativos a maiores. O resultado orzamentario foi de 109.000 euros negativos no 2010 e este ano é de 203.000 euros negativos, e dicir 94.000 euros a peor. O ano pasado o aforro neto foi de 85.000 euros positivos e este ano 1.500 euros positivos, e dicir, 84.000 euros a peor. O endebedamento segue estando por riba dos 4.250.000 € e ademais o ratio da débeda viva dos dereitos recoñecidos netos pasa do 85,60 ao 87,62, polo que tamén empeora. Por todo iso insiste na necesidade de facer un plan escrito no que se vexa que medidas se van adoptar, que cando pregunta se van adoptar algunha medida dilílle que non é necesario, que está na cabeza, considérase que o ideal é saber a onde nos diriximos, que medidas se van adoptar e que solucións se buscan, xa que aprazar a solución dos problemas non leva a ningún lugar.

O Sr. alicaide aclara que na dación de contas non se discute, pero como lle deu a palabra lle van contestar a todos os seus argumentos e pídelle que sexa breve.

opinan, e reitera que hai que adoptar medidas razoables, mediatas e se pode ser

consensuadas, aprazar a solución dos problemas non leva a ningún lugar e que só se están enganando a si mesmos. As recomendacións da interventora son claras. Se aprobou o Orzamento do 2012 o 18/02/2012 e a liquidación do orzamento do 2011 foi o 28/02/2012 con remanente negativo, dez días despois. Unha das medidas que propón a interventora é aprobar o orzamento con superávit, e como xa se aprobou antes o orzamento, para tomar medidas seguro que van agardar ao ano que vén para solucionar o problema e así atoparémolos con esta bóla de neve cada vez máis grande, e esta non é a saída.

Polo PP a Sra. Eva Vilarinho responde que a liquidación está en prazo, que corresponde ao ano 2011 non ao ano 2012, e o orzamento tínhamos que telo aprobado antes. Na liquidación do ano 2011 cumpriuse as patas marcadas nos últimos 4 exercicios por parte do equipo de goberno municipal. O Concello de Miño sufríu dende o ano 2007 unha transformación da súa estrutura económica para adaptarse ao novo modelo económico que a crise financeira deixou en España. Neste sentido fomos un concello pioneiro xa que mentres que en España é a partir de maio de 2010 cando se empezan a adoptar políticas de axuste, no concello de Miño xa anticipamos esas medidas no ano 2008 conseguindo nestes últimos exercicios amortecer o impacto da crise, e así poder cumprir non só co actual R.D.L. 4/2012 senón sendo un dos concellos máis rigorosos cos prazos da morosidade. En definitiva somos un concello que en tempos cumprimos cos nosos provedores e coa nosa cidadanía. Os datos que arroxa a liquidación poden ser evidentemente interpretados de múltiples maneiras. Un resultado orzamentario negativo ou un remanente negativo por si mesmo non é unha boa nova. Pero se analizamos estes datos extrapolándoo ás anteriores liquidacións podemos sacar as seguintes conclusións:

Reducimos nun escenario de crise absoluta a nosa carga financeira nun millón de euros nos últimos 3 anos. Cunha política de endebedamento cero e mantendo o investimento público dentro de niveis razoables, presentamos neste exercicio un aforro neto positivo e un volume de endebedamento do 87% (moi por debaixo do 110% permitido pola lei de facendas locais. Nesta mesma liña aprobouse o orzamento de 2012 e evitouse acudir á operación especial de endebedamento do R.D.L. 4/2012. A pesar das numerosas críticas á xestión deste concello podemos afirmar algo inquestionable, cando as operacións de crédito se concertaban a tipos de interese baixos o concello de Miño endebedouse e puido afrontar os grandes investimentos. Cando o crédito se encareceu nós non concertamos nin unha soa operación de crédito. Iso é un exemplo de xestión económica eficiente

Reducimos o remanente de Tesorería negativo en máis de un millón de euros en dous exercicios. Nunha situación de mingua de ingresos, subida de IVE en dous puntos porcentuais e subida do IRPF conseguimos unha recuperación progresiva do remanente. Continuamos nesta liña de conseguir un remanente de Tesorería positivo cunha medida como é a aprobación dun orzamento para 2013 con superávit, sen redución de ningún dos servizos públicos básicos. Déficit financeiro de 1.544,87 €. Trátase dun déficit financeiro case residual supoñendo un 0,02% con respecto a un orzamento cuxas previsións definitivas son de 6.400.340,62 €. Este resultado queda cerca do déficit cero. Cumprimos dende o ano 2008 que se detectou déficit non financeiro por parte da intervención municipal con axustar a 3 anos o noso déficit financeiro quedando este ano case a 0. Evidentemente non fai falla ser "docto" na materia para comprobar que aprobar un plan de reequilibrio a 3 anos para garantir o volver a unha situación de estabilidade por menos de 2.000 € sería unha medida irracional, posto que no orzamento de 2012 xa se tomaron as medidas necesarias para aprobar un orzamento en estabilidade. Facer un plan para reequilibrar 1.500 € en 3 anos atoparíamolos co absurdo de ir a un reequilibrio de 500 euros por ano). Ademais non debemos de confundir un plan de reequilibrio cun plan de axuste. Xa que o plan de reequilibrio sería un programa de corte financeiro, co que se financiarían determinados gastos, niveis e ratios de endebedamento, etc...), mentres que o plan de axuste viría a falar de recortes, subidas de impostos, etc.... E cremos que un déficit



de 0,02% é dunha intensidade o suficientemente baixa, que volver formular a nosa regulación e execución do gasto sería contraproducente. O que optamos é por aprobar un orzamento en superávit non financeiro en vez de un plan que nos permita dous orzamentos en déficit para estar en 2015 en superávit. Isto é acorde coas políticas de déficit cero que veñen marcadas polo executivo central. En tempos de crise nos concellos galegos e españois ano tras ano presentan peores resultados, o concello de Miño, grazas ás decisións tomadas por este equipo de goberno conseguiu inverter a tendencia negativa motivada por unha caída nos ingresos municipais, camiñando con paso firme na senda do déficit cero con orzamentos realistas e mesurados.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pide a palabra.

O Sr. alcalde recórdalle de novo que é unha dación de contas

O Sr. Manuel Faraldo puntualiza que non debate o asunto vultoso o propio principio de dación de contas e que insiste no que dixó anteriormente.

Unha vez finalizas as intervencións o pleno municipal queda informado da resolución de alcaldía de data 28 de febreiro de 2012 de aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2011.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FUNCIÓNAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MIÑO.

Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Vista a proposta de modificación do art. 6 do Regulamento de funcionamento do Programa de Axuda no Fogar do Concello de Miño efectuada pola Directora do Área de atención ao cidadán, esta alcaldía propón ao pleno municipal adopción do seguinte

acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 6 do Regulamento de funcionamento do Programa de Axuda no Fogar do Concello de Miño.

2º.- Someter o mesmo a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP da Provincia e taboleiro municipal.

3º.- No suposto de que non se presentasen alegacións considerárase definitivo.

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditamen da Comisión Informativa de Contas e Facenda que se celebrou o día 18 de abril de 2012, cuxas

intervencións se recollen a continuación:

A secretaria explica o contido do expediente especificando que se trata de dar unha redacción máis completa ao artigo 6 da ordenanza.

Sometida a proposta de alcaldía ao ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda obtén o seguinte resultado: 3 votos a favor do PP e 2 abstencións do PSOE. Polo que a proposta de alcaldía relativa á aprobación inicial da modificación do artigo 6 do Regulamento de Funcionamento do Programa de Axuda no Fogar do Concello de Miño.

A continuación na sesión plenaria ábrese a rolda de intervencións

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que no punto 1.2 hai un parágrafo que se no que se establece "no acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individual de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.", e agora engádese "sempre e cando o concello dispoña de horas para levar a cabo este servizo". E que a el parécelle que se deixa unha marxe á discrecionalidade e que cre que se debería de concretar este tema, e pregunta en que se basea, e di que debería ser máis obxectivo.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga responde que se refire un pouco á dependencia, porque nos van dando altas cunha serie de horas a cada beneficiario, pero isto non vén acompañado economicamente e no momento que o concello remata co diñeiro que lle envía dende a Consellería se non o ten o concello non podemos prestar o servizo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se só é un motivo económico.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga responde que si, porque incluso cre que este ano o concello xa pagou horas de máis.

Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo pide que se inclúa no texto este motivo económico.

A secretaría municipal explica que dende servizos sociais expuxeron que só teñen un número de horas subvencionadas, e que cando se rematan esas horas non se pode prestar o servizo ata que non se produza unha baixa e estea dispoñible algunha hora.

O Sr. alcalde di que cre que o texto está perfectamente así, porque cando aquí se está a falar de horas estase a referir ao diñeiro que chega a consellería. E que se non imos ter unha previsión de que nos valian mandar o diñeiro, que xa nos o adiantamos, pois haberá que ter unha listaxe de espera razoable.

Seguidamente, dando por concluído o debate previo, procedese á votación ordinaria da proposta co seguinte resultado: 6 votos a favor do PP e 6 abstención do PSOE.

polo que pleno municipal **acorda** por maioría simple:
1º.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 6 do Regulamento de funcionamento do Programa de Axuda no Fogar do Concello de Miño.
2º.- Someter o mesmo a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP da Provincia e taboleiro municipal.
3º.- No suposto de que non se presentasen alegacións considerárase definitivo.

4º.- SOLICITUDE DE PROXECTOS ESTRATÉXICOS DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM RURAL 2012)

Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:
Visto o escrito remitido pola Consellería de Medio Rural e do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, no que manifesta que ten previsto asumir con cargo aos seus orzamentos, e no marco do Proxecto Estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural (PEIM RURAL 2012), a obra denominada "pavimentación vial principal – Parroquia de Trasadorña", por un importe aproximado de 32.665,73 €.

Esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:
"O Concello de Miño ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural e do Mar, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais consistentes na pavimentación vial principal – Parroquia de Trasadorña, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e COMPROMETESE a:

A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a obra.
A renuncia expresa a reter da chegada desa corporación calquera tipo de tributo con motivo da obras de referencia.

Asumir – unha vez recepcionada a obra provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma – a explotación, mantemento e conservación da mesma.
Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.

Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72 P1 do Regulamento (C:E) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:
a) Que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución
b) Que resulten, ben dun cambio de natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.

O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.

O Concello, antes da adxudicación definitiva da obras e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.

O Concello, antes da adxudicación definitiva da obras e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

Viso que o presente punto foi obxecto do correspondente ditamen da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que se celebrou o día 18 de abril de 2012, cuxas intervencións se recollen a continuación:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga explica que a obra consiste nun aglomerado en Trasadorña, dende pasado o río que vai por debaixo do cemiterio de Leiro ata a altura mais ou menos do lavadouro e que vén dado todo dende a Consellería.

A secretaría municipal explica que a pista é de titularidade municipal e que xa consta a libre disposición dos terreos, non sendo necesaria autorización ningunha.

Sometida a proposta de alcaldía ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais obtén o seguinte resultado: 11 votos a favor do PP e PSOE. Polo que a proposta de alcaldía, relativa á solicitude de proxectos estruturais de infraestruturas no medio rural (PEIM 2012), queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta.

A continuación na sesión plenaria ábrese a rolda de intervencións:

Polo PSOE o Sr. Manuel Faraldo di que si, e que están totalmente de acordo en que se amañe este camiño.

Seguidamente, dando por concluído o debate previo, procedese á votación ordinaria da proposta co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP e do PSOE, polo que pleno municipal **acorda** por maioría absoluta:

“O Concello de Miño ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural e do Mar, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais do Plan Estratégico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM RURAL 2012) consistentes na pavimentación vial principal – Parroquia de Trasadorña, manísta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e **COMPROMETESE** a:

A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a obra.

A renuncia expresa a reter da achega desa corporación calquera tipo de tributo con motivo da obras de referencia.

Asumir – unha vez recibida a obra provisionamente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma – a explotación, mantemento e conservación da mesma.

Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.

Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72 P1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:

a) Que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución

b) Que resulten, ben dun cambio de natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.

O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.

O Concello, antes da adxudicación definitiva da obras e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

5º.- FACULTAR AO ALCALDE – PRESIDENTE PARA A SINATURA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN VIAL PRINCIPAL – PARROQUIA DE TRASDORONA”.

Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Visto o escrito remitido pola Consellería de Medio Rural e do Mar no que manifesta que ten previsto asumir con cargo aos seus orzamentos, e no marco do Proxecto Estratégico de Infraestruturas do Medio Rural (PEIM RURAL 2012), a obra denominada “Pavimentación vial principal - Parroquia de Trasdorona”, por un importe aproximado de 32.665,73€, sendo un dos compromisos a asumir polo Concello de Miño a acreditación que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio esta debidamente facultada para ese acto.

Esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Facultar ao Alcalde – Presidente do Concello de Miño para a sinatura do Convenio de Cooperación coa Consellería de Medio Rural e do Mar para a execución da obra denominada “Pavimentación vial principal - Parroquia de Trasdorona”.

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente dilamen da Comisión Informativa de Asuntos Xerías que se celebrou o día 18 de abril de 2012, na que non habendo intervencións procedeuse a someter a proposta de alcaldía ao seu ditame obtendo o seguinte resultado: 11 votos a favor do PP e PSOE. Polo que a proposta de alcaldía, relativa a facultar ao Alcalde – Presidente para a sinatura do Convenio de Cooperación coa Consellería do Medio Rural e do Mar para a execución da obra de “pavimentación vial principal – parroquia de Trasdorona”, queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta.

Seguídamente, procedese á votación ordinaria da proposta co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP e do PSOE, polo que pleno municipal acorda por maioría absoluta, Facultar ao Alcalde – Presidente do Concello de Miño para a sinatura do Convenio de Cooperación coa Consellería de Medio Rural e do Mar para a execución da obra denominada “Pavimentación vial principal - Parroquia de Trasdorona”.

6º.- SOLICITUD DE ADHESIÓN AL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL ORGANISMO AUTÓNOMO JEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO Y LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS PARA EL INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN Y LA MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA.

Se da conta de la propuesta de la alcaldía en la que se establece:

Visto el convenio de colaboración suscrito entre el organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de municipios y provincias para el intercambio de información y la mutua colaboración interadministrativa, esta alcaldía propone al pleno municipal la adopción del siguiente **ACUERDO:**

1º.- Solicitar la adhesión íntegra al Convenio suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de municipios y provincias para el intercambio de información y la mutua colaboración interadministrativa, firmado en Madrid el día 15 de marzo de 2006.

2º.- Facultar al Alcalde – Presidente para la firma del convenio básico bilateral entre el organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico y la entidad Local de Miño por el que se formaliza la adhesión al convenio específico de colaboración suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincia en materia de seguridad vial.

Visto que el presente punto fue objeto del correspondiente dilamen de la Comisión Informativa de Asuntos Generales que se celebró el día 18 de abril de 2012, cuyas intervenciones se reproducen a continuación:

La Secretaría Municipal explica el contenido del expediente señalando que básicamente que se trata de un procedimiento por el cual una persona en el momento



de empadronarse nos pueda autorizar para que procedamos a la gestión del cambio de dirección en Tráfico.
Seguidamente se procede a la votación ordinaria de la propuesta con el siguiente resultado: 12 votos a favor del PP y del PSOE, por lo que el pleno municipal **acuerda** por mayoría absoluta.

1º.- Solicitar la adhesión íntegra al Convenio suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de municipios para el intercambio de información y la mutua colaboración interadministrativa, firmado en Madrid el día 15 de marzo de 2006.
2º.- Facultar al Alcalde – Presidente para la firma del convenio básico bilateral entre el organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico y la entidad Local de Miño por el que se formaliza la adhesión al convenio específico de colaboración suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincia en materia de seguridad vial.

7º.- MOCIONS.

MOCIÓN CONXUNTA PP E PSOE

A continuación e antes de proceder ao debate desta, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP e PSOE, e, por conseguinte, acórdase por unanimidade dos concelleiros/as presentes e maioría absoluta proceder ao debate da moción presentada.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo explica que o seu grupo presentara unha moción relativa ás Fragas do Eume que queren retirar, xa que en conversas mantidas co voceiro do PP, o Sr. Jesús Veiga, decidiron presentar os dous grupos en común un manifesto da Corporación municipal do Concello de Miño contra o incendio no parque natural das Fragas do Eume. A continuación o Sr. Manuel Faraldo procede á lectura do citado manifesto:

Os dous grupos que conforman a Corporación deste Concello de Miño queremos manifestar o seguinte:

1. Condenamos os dous grupos a acción dos incendiarios que provocan lumes por motivos que nunca seremos capaces de entender. Porque atender contra os nosos montes é atender contra a nosa vida, contra o noso modo de vida e, en moitas ocasións, contra o noso MEDIO de vida. Non queremos que haxa impunidad para os culpables, directos ou indirectos, deste incendio, se é que existen.

2. Sumámonos ao queixume pola perda ambiental e tamén económica que supuxo E SUPORA o incendio no PARQUE NATURAL DO EUME tanto para os propietarios dos montes queimados como para todos os galegos. Porque o parque natural E PATRIMONIO DE TODOS E NON SÓ DUNS POCOS. Con eles está a nosa solidariedade.

3. Demandamos da Xunta de Galicia, como administración con plenas competencias en materia de prevención e extinción de lumes forestais, a aclaración das causas que motivaron os lumes que afectaron nos pasados días ao Parque Natural das Fragas do Eume, así como os datos reais da afectación deles ao territorio e unha información detallada das consecuencias ambientais, económicas e sociais deste incendio. En paralelo, urxir que se definan as medidas dispostas para que o proceso de erosión e arrastres que se puidesen producir no caso de choiva non deriven nun proceso de contaminación para o río Eume e a Ria de Ares.

4. Solicitamos que, con carácter de urxencia, se comece á elaboración dun plan de recuperación desta zona que parta da filosofía da implicación real da poboación afectada no proceso de posta en valor do singular patrimonio natural existente, así

como a aprobación do Plan reitor de uso e xestión das Fragas do Eume, con compromisos de actuación e investimentos concretos, que convertan o proxecto nunha oportunidade para a zona.

5. Demandamos do goberno do Estado que, á vista da singularidade e valor das Fragas do Eume, implemente fórmulas de colaboración para o proceso de recuperación da zona, sempre baixo os criterios de expresado no apartado anterior. Queremos tamén lembrar que o que ardeu na Fraga do Eume, o único bosque atlántico das súas características en toda Europa, era o MEDIO DE VIDA para moitas persoas, polo que mostramos o noso desexo de que, canto antes, SE ACTIVE un plan de recuperación da zona.

Porque, mais aí da confrontación partidaria, por lexítima que sexa, o que a sociedade nos pide a nós, os seus representantes, é que lles deamos unha solución ao problema dos incendios. É que loitemos contra os "mercenarios do lume". Non queremos terminar sen agradecer o labor das brigadas antilumes, dos integrantes da Unidade Militar de Emerxencias e dos voluntarios de Protección Civil e o Grumir que, sempre que se rexistra un incendio no noso territorio, XOGANSE A SÚA VIDA para minimizar os danos que só uns poucos e, repetimos, por causas que por incomprendibles se nos escapan, queren causar aos nosos montes."

Sometida a moción a votación ordinaria obtén o seguinte resultado: 12 votos a favor do PP e PSOE, polo que a moción conxunta do PP e PSOE relativa ao incendio no parque natural das Fragas do Eume queda aprobada por maioría absoluta e unanimidade dos concelleiros presentes.

MOCIÓN DO PSOE

A continuación e antes de proceder ao debate desta, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do PP e PSOE, e, por conseguinte, acórdase por unanimidade dos concelleiros/as presentes e maioría absoluta proceder ao debate da moción presentada.

En nome do PSOE, Manuel Vázquez Faraldo da lectura ao seguinte escrito:
" D. Manuel Vázquez Faraldo, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quere someter á consideración desta Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos

En Galicia, segundo datos de Novagalicia Banco, habería corenta e tres mil afectados pola comercialización das participacións preferentes, que se corresponderían con 950 millóns de euros, aínda que segundo datos da entidade a metade estarían colocados no tramo de inversores institucionais.

A diferenza das Caixas (hoxe NGB), a maioría das entidades bancarias radicadas en Galicia teñen ofertado algún tipo de solución ao tema das Preferentes, mediante cambio das mesmas por outro tipo de produtos con liquidez no mercado (accións, bonos convertibles,... etc).

Mesmamente, no ámbito do estado español, outras entidades teñen ofertado cambio de participacións preferentes por depósitos a un prazo fixo, garantindo, polo tanto, a devolución dos aforros nun prazo razoable de tempo (BK BANK CAJA SUR..)

Nunha recente rolda de prensa, o Presidente de NGB, Sr. Castellano desbotaba a posibilidade de cambiar as participacións preferentes por depósitos de prazo fixo, esgrimindo, e escudándose ao mesmo tempo, na negativa da Comisión Europea sobre esta posibilidade.

Pola contra os responsables de NGB situaban no horizonte do mes de xuño unha hipotética solución, posiblemente a conversión das participacións preferentes en accións da nova entidade, unha solución desde logo nada recomendable.

Incriblemente, para desesperación dos afectados, os responsables de NGB teñen a publicar nestes días por Galicia adiante, un plan de 6100 millóns de euros para créditos a pymes, autónomos, etc.

Dende o Grupo Socialista, creemos firmemente que a entidade ten marxe suficiente, económica e xurídica, para devolverlle os cartos aos clientes estafados.

Cientes estafados, que polo seu perfil aforrador son precisamente os que contribuíron a levantar o sistema de Caixas en Galicia, están absolutamente abandonados polo goberno da Xunta, incapaz de promover diante do Banco de España, da CNMV e das autoridades comunitarias unha solución.

O Pleno do Parlamento Galego ten amosado unanimidade na hora de buscar solucións, máis estas non poden quedar limitadas a ridículas e inviables propostas que ate de agora se teñen feito dende a Xunta de Galicia.

O Goberno galego ten que artellar solucións para evitar que o que hoxe é un drama económico e social para miles de galegos se siga dilatando no tempo e acabe converténdose nun auténtico problema de orde pública. As solucións existen e fai falla vontade política para instalar e esixir o seu cumprimento.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno, para a súa aprobación si procede, que se adopte o seguinte

ACORDO

1.- Dirixirse a **NOVAGALICIA BANCO**, para que no prazo non superior a un mes presente publicamente un Plan de cambio ou de Pignoración das Participacións Preferentes por calquera outro crédito, produto ou depósito líquido, que garanta, para aqueles que o desexen, a disposición íntegra dos cartos investidos nas mesmas, establecendo como garantía do importe do crédito, produto ou depósito concedido pola entidade NGB o valor nominal das participacións preferentes, á data de subscripción.

2.- Dirixirse ao **FROB** (maioría accionarial en NGB), para que autorice o cambio ou pignoración das Participacións Preferentes por outros créditos, produtos ou depósitos líquidos, para todos os clientes que o desexen, nos termos expresados no punto 1.

3.- Dirixirse ao **Banco de España e CNMV**, para que no seu caso, presten as autorizacións oportunas a efectos de facer efectivo o cambio ou pignoración referida no punto 1.

Dirixirse ao **Banco de España e a CNMV**, para que no caso de modificación da titularidade accionarial de Novagalicia Banco, en virtude de calquera proceso de subasta ou venda mediante concurso competitivo, se esixa a constitución dun Esquema de Protección de Activos fronte a perdas futuras que poidan sufrir as Participacións preferentes respecto do seu valor nominal na data da adquisición."

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

O Sr. alcalde di que o seu grupo vai votar en contra fundamentalmente porque este tema excede das competencias do Concello de Miño. As participacións preferentes son un produto financeiro complexo, que une características da renda fixa e das accións sendo a principal característica das mesmas o seu carácter perpetuo, é dicir, non teñen data de vencemento. Polo tanto, quen asinou estas participacións e logo quixera recuperar os cartos tería que poñelas á venda nun mercado secundario de accións e agardar a que alguén as merque. Para cubrir este risco estas participacións preferentes ofrecían unhas rendibilidadeas moitísimo máis altas que os depósitos a prazo fixo, polo tanto haberá que saber se as persoas foron enganadas, pero como xa se di na propia moción, os compradores de participacións preferentes eran sobre todo investidores institucionais, e polo tanto, moi probablemente sabían moi ben o que facían. O funcionamento destas participacións preferentes parecía sinxelo, mercabalas cun valor determinado, cobrábase a rendibilidade ano tras ano e se querías recuperar o teu diñeiro tiñas que poñelas á venda nese mercado secundario, e en

aproximadamente corenta e oito horas vendíase e recuperábase o diñeiro. Que ocorre, que non ten garantido o cento por cento do investimento, e iso na sinatura do contrato así o puña. Evidentemente en épocas de bonanza todo funcionaba moi ben, porque os que querían obter liquidez rápida sometían este produto financeiro á venda nese mercado secundario e en corenta e oito horas vendíase, pero en época de crise evidentemente é distinto, porque non hai beneficios se a entidade emisora non os ten e se a cotización está baixa a xente que as teña pode perder parte dese diñeiro, sobre todo se hai moitas ordes de venda, como en calquera mercado de oferta e demanda, pois iso baixa. E isto foi o que pasou a últimos de 2011. Evidentemente se houbo prácticas irregulares por parte de caixas e de bancos como se deduce dalgunhas informacións de prensa, habería que denuncialo, pero tamén habería que probalo. E hai dúas entidades que xa se ofreceron a facer unha demanda colectiva, que lle parece moi importante, como é AUSBANC E ADICAE. Basicamente aquí o Concello de Miño pouco ten que facer. Por outra banda, non está de acordo que estas prácticas abusivas, cando menos nos investidores institucionais, se produciran, porque saben moi ben o que asinan; pero non as descarta nunha pequena porcentaxe de persoas que evidentemente teñen que defender os seus dereitos. Os bancos que cambiaron as participacións preferentes por outro tipo de produtos non é porque lles queiran resolver a papeleta aos que teñen estas participacións, senón é porque hai unha normativa, a Basilea III, que entra en vigor o 1 de xaneiro de 2013, que di que as participacións preferentes non serven para xustificar a liquidez do banco, non poden entrar no que se coñece como TIER 1, polo que os bancos que necesitan liquidez aceptan cambiar estas participacións preferentes por outras cousas, uns cambiáronnos por accións, outros por obrigacións, outros por bonos convertibles en accións, etc, cada banco ofertou distinto produto, e el cre que Nova Galicia Banco vai ofertar un produto porque o necesita, non porque os presione a Xunta, nin os presione o Concello de Miño. Con respecto a se teñen liquidez ou non, el dubidao. De feito as caixas teñen que converterse en bancos e para isto necesitan accionistas que poñan diñeiro para garantir a totalidade do capital. E é un camiño difícil, dito por Nova Galicia Banco. E por outra banda non esta de acordo con que os beneficios que tiveron nun mercado secundario se destine a garantir unha liquidez en lugar de destinalos a PYMES, e crear así emprego. Polo tanto vai votar en contra, sen prexuízo de que haxa persoas que foran enganadas, as cales se presentan unha demanda colectiva teñen moitos máis visos de que lles poidan facer caso.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo quere dicir que el está de acordo co alcalde no que se refire aos investidores institucionais, evidentemente eles teñen gabinetes e equipos que saben o que mercan; pero o problema está con esas persoas que aínda que sexan pequenas contas, que no seu momento investiron 10.000 ou 20.000 euros, hoxe en día é unha cantidade que non poden recuperar e aí é onde está o problema principalmente. Que eles presentan esta moción, non para que o Concello o solucione, porque non ten competencias nisto, pero tamén se acaba de aprobar por este pleno unha moción relativa ás fragas do Eume no que tampouco temos competencia. E neste tema sería o mesmo, que as actuacións a levar polo concello sería dirixir un escrito a Nova Galicia Banco no que se diga que se aprobou por unanimidade a presente moción e que tomen conciencia de que esta é unha problemática social, non unha problemática institucional.

O Sr. alcalde di que votaría a favor esa moción na súa totalidade se a mesma se houbera presentado con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2013, xa que está convencido que cando entre en vigor a nova normativa, Nova Galicia Banco vai ter que facer como os outros bancos, porque a normativa Basilea III os obriga.

Sometida a moción a votación ordinaria obtén o seguinte resultado: 6 votos en contra do PP e 6 votos a favor do PSOE, polo que a moción relativa as participacións preferentes de **NOVAGALICIA BANCO** queda rexeitada por maioría simple, co voto de calidade do presidente.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS DO PSOE

Intervén Manuel Vázquez Faraldo para plantexar o seguinte rogo verbal:

1.- O cura de Bañobre comentoulle que diante xusto da súa casa había unha silveira que dá pena.
Polo PP o Sr. Jesús Veiga contestalle que hai dous días que o cura estivo aquí e que xa presentou unha reclamación da que se lle dará traslado aos propietarios para que a limpen.

En nome do PSOE, Manuel Vázquez Faraldo da lectura ao escrito presentado cos seguintes rogos:

1.- Fai poucos meses que se levou a cabo o asfaltado do primeiro tramo da rúa do Curro e do Carmiño Vello. Como xa dixemos no seu momento, o peralle do firme non quedou axeitadamente rematado e os sumidoiros non son suficientes, polo que a auga das choivas discorre a todo o ancho da rúa dificultando enormemente o tránsito dos peóns por ela. Solicitamos que os servizos municipais correspondentes fagan as reformas necesarias para que se solucionen este problema.
Polo PP o Sr. Jesús Veiga contestalle que está o arquitecto municipal con este tema.
2.- En diferentes ocasións solicitamos a este pleno que se adoptasen as medidas oportunas para retirar as madeiras e ferros situados na travesía do Curro, tralo edificio construído pola empresa Procorsa. Incluso mostramos a nosa estranxeza pola non execución dos avais que ten depositados. Insistimos na nosa petición pois a situación de perigo aumenta co paso do tempo.
Polo PP o Sr. Jesús Veiga contestalle que o expediente está no último tramo, que estes días enviáuselles a resolución e teñen 30 días para levar a cabo as obras, e se non as realizan executarase o aval que teñen presentado e que ascende a aproximadamente 14.000 euros.
3.- Tamén levamos reiterando a situación de abandono das cunetas e sumidoiros por todo o casco urbano. Está a vista de todos, as pozas e atascos que se producen. Pedimos que se de solución a este problema canto antes.


Polo PP o Sr. Jesús Veiga contestalle que o encargado municipal trasladoulle á empresa varios puntos onde había problemas. Preguntándolle á empresa esta di que ten todo iso limpo polo que lle pide que lle digan exactamente que puntos son.
Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo contestalle que cerca da casa de Antonio, baixando aquela rampla da ponte, na Pardiñeira, na rúa onde está o pub, na entrada de Telle e outros mais que para veios e mellor que vaian a pe e non en coche.
4.- Non vamos a recordar tampouco a cantidade de veces que pedimos que se colocasen unhas sinais indicativas das distintas direccións no cruce da carreira. Sempre nos contestan que se toma nota, pero non sabemos que fan despois con esas notas, pois a sinais seguen sen poñerse. Non debería facer falta insistir, pois a súa necesidade é evidente para todos. ! Non se demoren máis!
Polo PP o Sr. Jesús Veiga contestalle que falou coa empresa, Espina&Deffin, e que en vinte días están aí. Se neste tempo non están, tomaranse medidas.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, ás 11:45 horas, de todo o cal como secretaria dou fe.



Asdo.: Juan Manuel Macías Barros

O alcalde presidente



Asdo.: Alejandra Rodríguez Menéndez

A secretaria municipal